

Anuncio do 6 de outubro de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas nas especialidades de chinés e xaponés; no corpo de profesores técnicos de formación profesional, para a impartición do ciclo superior en audioprótese (módulo profesional de elaboración e reparación de audioprótese e módulo de elección e axuste de próteses auditivas); do corpo de profesores de música e artes escénicas, na especialidade de instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco.

Primeiro.

Comunícase que está aberto o prazo para posibles interinidades ou substitucións para:

a) Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e para as seguintes especialidades:

Especialidade	Titulacións por orde preferente	Formación complementaria
	<i>Os titulados do punto 1 terán preferencia sobre os titulados dos puntos 2 e 3, e os titulados do punto 2 terán preferencia sobre os titulados do punto 3 aínda que o baremo sexa inferior.</i>	
Chinés	1. Licenciado en filoloxía da lingua estranxeira obxecto da convocatoria 2. Calquera titulación superior da área de humanidades 3. Calquera titulación universitaria superior	Certificado de aptitude das ensinanzas de idiomas de réxime especial no idioma obxecto da convocatoria. Ter cursado un ciclo dos estudos conducentes á obtención da licenciatura do idioma correspondente xunto co certificado de aptitude das ensinanzas de idiomas de réxime especial no idioma cobxecto da convocatoria.
Xaponés	1. Licenciado en filoloxía da lingua estranxeira obxecto da convocatoria 2. Calquera titulación superior da área de humanidades 3. Calquera titulación universitaria superior	Certificado de aptitude das ensinanzas de idiomas de réxime especial no idioma obxecto da convocatoria. Ter cursado un ciclo dos estudos conducentes á obtención da licenciatura do idioma correspondente xunto co certificado de aptitude das ensinanzas de idiomas de réxime especial no idioma obxecto da convocatoria.

b) Corpo de profesores técnicos de formación profesional:

Especialidade	Titulación
Ciclo superior en audioprótese (módulo profesional de elaboración e reparación de audioprótese e módulo de elección e axuste de próteses auditivas)	Técnico superior en audioprótese.

c) Corpo de profesores de música e artes escénicas:

Especialidade	Titulación
Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco	Titulación superior de instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco ou equivalente

Segundo.-*Prazo de solicitude.*

O prazo para presentar a instancia de solicitude, na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou nas súas delegacións provinciais, será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro.-*Modelo de solicitude.*

O modelo de solicitude poderá ser recollido na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas súas delegacións provinciais e está á disposición tamén na páxina web da consellería, no enderezo [http://www.edu.xunta.es/profesorado/interinos-substitutos/convocatorias_apertura_de_listaxes_de_substitutos_servizo_de_secundaria_\(documentos_relacionados\)](http://www.edu.xunta.es/profesorado/interinos-substitutos/convocatorias_apertura_de_listaxes_de_substitutos_servizo_de_secundaria_(documentos_relacionados)).

Cuarto.-*Comisión baremadora.*

A asignación da puntuación que lles corresponde aos concursantes será levada a cabo por unha comisión constituída por funcionarios destinados na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta comisión estará cualificada na categoría pri-

meira para os efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

Poderán asistir ás reunións da comisión, con voz e sen voto, un representante por cada unha das organizacións sindicais con presenza na mesa sectorial docente non universitaria.

Quinto.-*Requisitos dos candidatos e candidatas.*

a) Estar en posesión da titulación que se sinala no punto primeiro deste anuncio, pola orde en que aparecen neste punto no caso da especialidade de chinés e xaponés.

b) Ter superado o curso Celga 4 de lingua galega ou validación equivalente.

c) Non obstante o anterior, poderán presentar solicitudes aquelas persoas que, posuíndo as titulacións sinaladas no punto primeiro, non posúan o curso de Celga 4 de lingua galega ou equivalente. Estes candidatos poderán ser seleccionados en defecto de candidatos que si o acrediten. Neste caso, de seren seleccionados, os candidatos deberán superar, no prazo máximo de dous anos desde que sexan nomeados, o curso de Celga 4 de lingua galega ou equiva-

lente. A superación deste curso deberá ser comunicada á Subdirección Xeral de Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Sexto.

O baremo, de acordo coa addenda asinada cos sindicatos da mesa sectorial docente o 11 de xullo de 2006, será o publicado na fase de concurso do último concurso-oposición convocado no DOG.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2008.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Anuncio do 25 de setembro de 2008, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo, polo que se procede a darlle publicidade á Resolución 10/2008, da mesma data, pola que se convoca a provisión de catorce postos de supervisor/a da unidade.

De conformidade co establecido no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e en uso das atribucións conferidas no artigo 3 da Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño) pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e no artigo 5.1º j) da Orde do 8 de maio de 2006 (DOG nº 99, do 25 de maio) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

RESOLVO:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de concurso de méritos e defensa pública dun proxecto de desenvolvemento das funcións dos postos, os postos de traballo que se indican no anexo.

Segundo.-Poderá concorrer á convocatoria o persoal estatutario diplomado sanitario na categoría de DUE, con vínculo de fixeza e situación de servizo activo nalgunha institución sanitaria da área de saúde de Lugo, que acredite un mínimo de tres anos de experiencia profesional na súa categoría de nivel de diplomado sanitario en institucións sanitarias do sistema nacional de saúde.

Terceiro.-As retribucións dos postos ofertados serán as que correspondan de acordo coa orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nómi-

nas do persoal ao servizo da Administración autonómica vixente.

Cuarto.-As solicitudes para participar na convocatoria, que deberán ir acompañadas do *curriculum vitae* e da xustificación documental dos requisitos exixidos pola convocatoria e dos méritos alegados, deberán dirixirse ao director xerente do Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo e poderán presentarse no seu rexistro, así como en calquera das oficinas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de trinta días naturais contados desde o seguinte á data da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Quinto.-A mencionada convocatoria estará exposta nos taboleiros de anuncios do Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo así como na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Lugo, 25 de setembro de 2008.

Francisco Martínez Otero
Director xerente do Complexo Hospitalario
Xeral-Calde de Lugo

ANEXO

-Denominación do posto: supervisor/a da Unidade de Hospitalización Médica.

Número de vacantes: 4.

-Denominación do posto: supervisor/a da Unidade de Hospitalización Cirúrxica.

Número de vacantes: 3.

-Denominación do posto: supervisor/a da Unidade de Toco-Xinecoloxía.

Número de vacantes: 1.

-Denominación do posto: supervisor/a da Unidade de Hospitalización Médica e Hospital de Día de Oncoloxía.

Número de vacantes: 1.

-Denominación do posto: supervisor/a da Unidade de Farmacia do Hospital Xeral.

Número de vacantes: 1.

-Denominación do posto: supervisor/a da Unidade de Urgencias.

Número de vacantes: 1.

-Denominación do posto: supervisor/a da Unidade de Agudos UCI/Coronarias.

Número de vacantes: 1.

-Denominación do posto: supervisor/a da Unidade de Consultas Externas e Servizos Centrais do Hospital de Calde.

Número de vacantes: 1.

-Denominación do posto: supervisor/a da Unidade de Psiquiatría.

Número de vacantes: 1.